

INTRODUCCIÓN ÁS CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIOLOXÍA

OBXETIVOS XERAIS

Analizar, contrastar e interpretar informacións diversas sobre interaccións sociais, estruturas e organización política do poder en diferentes contextos, incorporando a propia expresión, tanto oral como escrita, o correspondente vocabulario específico.

Coñecer e valorar criticamente as engrenaxes básicas de interacción sobre as que se asenta a orde social: grupos sociais e axencias e procesos de socialización.

Analizar e coñece-las diferentes estruturas de poder, tanto no plano intra como inter-grupal e os diversos mecanismos de exercicio e de manifestación do mesmo.

Coñecer e analiza-las características fundamentais da organización política do poder e a súa relación con factores económicos e territoriais.

Comprende-lo carácter específico do Estado moderno e analiza-la súa xénese, evolución e configuracións, así como as diversas teorizacións contractualistas do mesmo e os presupostos filosóficos en que se fundamentan.

Comprender e valora-lo concepto moderno de constitución e analiza-la súa xénese e tipoloxías máis importantes.

Analizar e coñece-los mecanismos fundamentais do comportamento político democrático: formas de participación, sistemas electorais e de representación, sistemas de partidos, formación da opinión pública e función política da mesma.

Comprende-lo concepto de Estado social de benestar e analiza-la súa xénese, logros, limitacións e perspectivas de futuro.

Coñecer e valora-lo propio sistema político español e as súas posibilidades e carencias.

DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA

TEMA 1: A natureza social do ser humano

1.1. OBXECTIVOS

Analizar e valorar a especificidade da sociabilidade humana.

Coñecer e comprender os procesos de produción e reprodución da cultura, valorando a súa incidencia na vida humana.

Analizar as diferentes modalidades de interacción social e tomar conciencia dos diferentes tipos de comunicación verbal e non verbal e da súa importancia nas relacións interpersoais.

Coñecer e comprender os procesos e mecanismos de socialización, valorando criticamente a súa función reproductora da orde social.

Analizar e comprender os fenómenos de desviación social e as diferentes respostas da sociedade os mesmos, valorando os posibles ingredientes innovadores e dinamizadores.

Coñecer e valorar as aportacións das principais teorías explicativas da desviación social e do cambio social.

1.2. CONTIDOS

a. **Conceptuais:**

Orixe e especificidade da sociabilidade humana: fundamentos filoxenéticos e ontoxenéticos da sociabilidade humana.

Cultura e interacción social: interaccións verbais e non-verbais.

O proceso de socialización: funcións da socialización e axencias de socialización.

Conformidade, varianza e cambio social: estabilidade e cambio social. Principais teorías explicativas da desviación social.

b. **Procedimentais:**

Identificación e análise de características específicas da sociabilidade humana, fronte a animal, valorando as posibilidades e límites que ofrece para a realización da vida humana.

Observación e descrición das modalidades de interacción social en diferentes marcos culturais, analizando o significado dos elementos verbais e non-verbais presentes.

Reconstrución reflexiva de diferentes procesos de socialización, identificando os mecanismos presentes nas principais axencias de socialización para a transmisión de valores e roles, así como os posibles conflitos ou contradicións que presenten.

Identificación de diferentes pautas de conducta desviadas da norma social imperante, analizando e avaliando o grao de aceptación ou tolerancia social as mesmas, así como as diferentes respostas sociais que reciben.

Análise do cambio producido nun determinado rol social o longo de varias xeracións.

Manexo e interpretación de documentos diversos (textos de autor, noticias periodísticas, películas, documentáis, datos estatísticos, etc.) relativos a algún aspecto do tema (sociabilidade, interacción social, socialización, desviación, ou cambio social).

Debate sobre algún tipo de marxinação social actual.

c. Actitudinais:

Disposición a establecer interaccións cooperativas.

Valoración da función enculturadora dos grupos sociais.

Actitude crítica respecto a acción das principais axencias de socialización.

Actitude prudente e reflexiva ante os diferentes tipos de desviación social.

Apertura e flexibilidade fronte o cambio e innovación social.

Sensibilidade ante calquera forma de marxinação social.

TEMA 2: Grupos e organizacións sociais: a xénese do poder

2.1. OBXECTIVOS

Comprender e valora-las diferentes funcións dos grupos sociais nos procesos de interacción social.

Descubrir e comprende-la xénese do poder analizando as relacións de asimetría e desigualdade nas interaccións sociais intra e intergrupais.

Analizar e valora-las condicións e factores que facilitan o conflito ou a cooperación intra e intergrupala.

Coñece-las principais características das organizacións formais e analizar e valora-los seus resultados así como as posibles alternativas as mesmas.

Coñecer e valorar criticamente as características das organizacións totais.

2.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

Os grupos sociais: noción e tipos de grupos.

Estructura e dinámica dos grupos: desigualdade e poder intra e intergruparal.

As organizacións formais: burocracia e outras opcións.

As organizacións totais.

b. Procedimentais:

Análise de grupos sociais do contorno inmediato describindo os seus signos diferenciais de identidade e a súa función.

Análise de diversos grupos de pertenza do alumno (familia, grupo de amigos, etc.) e identificación da súa estrutura organizativa, tipo de relacións existentes, e funcións básicas. Elaboración e interpretación de organigramas ou sociogramas dos mesmos.

Identificación de indicadores de poder dentro dos grupos e análise dos mecanismos para o seu exercicio.

Identificación das condicións e factores que propician conflito ou cooperación, tanto dentro do grupo como entre grupos, a partir da análise de casos reais (intereses incompatibles, estereotipos e prexuizos, chivos expiatorios, inimigo común, etc.).

Análise dalgunha organización formal (hospital, empresa, centro de ensino, etc.), describindo as principais características da mesma e valorando as vantaxes que ofrece tal organización, así como os aspectos negativos que presenta.

Investigación sobre o sistema penitenciario e a súa evolución, como exemplo de organización total.

c. Actitudinais:

Toma de conciencia crítica ante os mecanismos de poder soterrados dentro dos grupos e entre grupos.

Actitude crítica fronte os estereotipos e prexuizos.

TEMA 3: Estratificación e mobilidade social

3.1. OBXECTIVOS

Coñece-los diferentes sistemas de estratificación social e analiza-lo grao de mobilidade social que permiten.

Coñecer e valora-las aportacións das principais teorías da estratificación social.

Descubri-los principais indicadores de estratificación clasista na sociedade actual e desenvolver unha sensibilidade crítica ante a mesma.

Analizar e valora-la mobilidade social da sociedade actual, así como os factores que a dificultan ou favorecen.

3.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A estratificación social: noción e principais sistemas de estratificación social.

Teorías clásicas da estratificación social: K. Marx e M. Weber.

O concepto de clase social na Socioloxía contemporánea: teorías gradacionais e teorías relacionais.

Peche social e mobilidade.

b. Procedimentais:

Manexo e interpretación de documentos diversos (enciclopedias, libros de Historia, textos literarios, películas, etc.) que describen ou reflicten diferentes formas de estratificación social, analizando as súas características e xustificacións ideolóxicas, así como as condicións económico-políticas en que se producen.

Análise e interpretación de diferentes fenómenos sociais da actualidade dende as perspectivas teóricas de Marx e de Weber, avaliando a súa capacidade explicativa.

Investigación sobre estratificación social no contorno inmediato, establecendo indicadores que permitan determinar os diferentes estratos sociais existentes e analizando posteriormente as súas características e relacións.

Preparación e realización dun debate sobre "mobilidade social e igualdade de oportunidades".

c. Actitudinais:

Sensibilidade crítica ante a posible pervivencia de prexuízos clasistas.

Actitude crítica ante toda forma de inxusta discriminación.

TEMA 4: A organización política do poder

4.1. OBXECTIVOS

Analizar e comprende-las principais fontes de poder social e identifica-la especificidade do poder político.

Coñecer e comprende-los elementos básicos da organización política do poder nas sociedades estatais e comparalas coas modalidades de organización política pre-estatal.

Analizar e comprende-la relación existente entre organización política e estrutura económico-social, así como o carácter supraestatal de moitos procesos políticos contemporáneos.

Analiza-los límites que definen o ámbito da sociedade civil e o ámbito do Estado, e valorar criticamente as diferentes propostas de delimitación de ámbolos dous.

4.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

As fontes do poder nas sociedades e a formación do poder político.

Formas preestatais de dominación política.

A organización estatal do poder político: monopolio da coacción lexitima, soberanía territorial, administración burocrática, e ordenamento xurídico unitario.

Poder político e estrutura económica nas sociedades pre-capitalistas e nas capitalistas. Sociedade civil fronte o Estado.

b. Procedimentais:

Identificación das principais fontes do poder social e dos seus mecanismos e relacións, analizando algunhas das súas manifestacións presentes na sociedade actual.

Manexo e interpretación de informacións históricas sobre as características principais das sociedades pre-estatais e os seus mecanismos de poder.

Análise da repercusión na vida cotiá dos elementos definitorios da organización política estatal, avaliando as súas vantaxes así como os aspectos negativos que presente.

Preparación e realización dun debate sobre a relación entre o sistema económico e a organización do poder político.

Análise dos límites entre o poder político do Estado e a sociedade civil en ámbitos concretos da vida social (actividades económicas, culturais, etc.), identificando os perigos concretos derivados do desprazamento de tales límites (minimizando o Estado ou minimizando o ámbito da sociedade civil).

c. Actitudinais:

Toma de conciencia crítica fronte ás distintas fontes de poder social.

Valoración crítica das aportacións da organización estatal do poder: toma de conciencia das súas vantaxes e dos seus riscos.

Actitude de prudencia e reflexión crítica ante as diferentes propostas a prol de ampliar ou de diminuí-lo ámbito da sociedade civil fronte o ámbito do poder político.

TEMA 5: Conformación histórica do Estado moderno

5.1. OBXECTIVOS

Analiza-la formación histórica do Estado moderno e valora-lo papel da guerra e do capital na súa xénese e evolución posterior, con atención expresa o devir histórico do Estado español.

Coñecer e valorar criticamente as diferentes configuracións do Estado moderno na súa evolución.

Analiza-lo proceso de formación do Estado de benestar e as súas características, valorando as súas aportacións e límites.

Analizar e comprende-la crise do Estado de benestar, e coñecer e valorar criticamente as diferentes propostas de solución.

5.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A formación do Estado moderno: o papel da guerra e do capital na conformación da soberanía dos Estados e na súa evolución.

A evolución do Estado e as súas configuracións históricas: a Monarquía absoluta, o Estado liberal, e a formación e crise do Estado democrático e social de benestar.

b. Procedimentais:

Manexo, integración e interpretación de informacións históricas de diferentes fontes (enciclopedias, manuais de Historia, mapas políticos, etc.) sobre a formación dos Estados modernos europeos, establecendo relacións cos sistemas armamentísticos e de guerra, así como co desenvolvemento económico do nacente capitalismo.

Reconstrución, mediante recollida e integración de información histórica de diferentes fontes, da formación e consolidación do Estado español.

Investigación (en enciclopedias e libros de Historia) e análise das condicións socioeconómicas e das bases ideolóxicas das distintas configuracións do Estado moderno e contemporáneo.

Identificación dos principais logros do Estado social de benestar, precisando as datas da súa consecución en España e avaliando a súa importancia mediante a reconstrución da situación anterior, con informacións recollidas de distintas fontes (familiares maiores, enciclopedias, etc.).

Debate sobre a crise do Estado de benestar e as propostas alternativas de solución.

c. Actitudinais:

Valoración das distintas aportacións do Liberalismo e do Socialismo á configuración do Estado contemporáneo.

Valoración dos logros do Estado social de benestar.

Actitude crítica ante as alternativas propostas como solución á crise do Estado social de benestar.

TEMA 6: Estado moderno e nación

6.1. OBXECTIVOS

Analiza-las relacións entre os conceptos de Estado e Nación, con proxeccións sobre o caso español.

Coñecer e valora-las principais formas de organización territorial do Estado, analizando especialmente a organización territorial do Estado español.

Analizar e valora-los fenómenos da globalización mundial dos procesos económicos e políticos avaliando os logros e límites do Estado nacional así como as perspectivas do seu futuro.

Coñecer, analizar e valora-las organizacións políticas supraestatais, tanto no plano da súa lexitimación teórica como no da súa actuación práctica.

6.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A idea de nación e a súa evolución histórica.

Estado e organización territorial: as formas básicas de organización territorial do Estado e a súa evolución. A organización territorial do Estado español.

Máis ala do Estado nacional: logros e límites do Estado nacional.

b. Procedimentais:

Preparación e realización dun debate sobre o nacionalismo, identificando diferentes tipos de nacionalismos e as súas propostas políticas (pode servir de referencia o caso español).

Análise dos diferentes problemas e conflitos ligados no século XX o nacionalismo (tanto estatal como de etnias sen Estado), identificando as causas que os provocaron.

Análise da organización territorial do Estado español, trala lectura do Título VIII da Constitución de 1978, avaliando as posibilidades e límites de autogoberno das comunidades autónomas, e identificando as diferentes posturas dos partidos políticos ó respecto.

Análise dos fenómenos de globalización, identificando problemas que desbordan o marco dos Estados nacionais, e ofrecendo propostas prácticas de solución.

c. Actitudinais:

Valoración e respecto á diversidade e pluralidade de etnias e nacións.

Actitude de diálogo para resolver os problemas políticos, ligados a diversidade de etnias e nacións.

Valoración crítica das organizacións supraestatais de carácter internacional orientadas a promover unha orde social máis xusta.

TEMA 7: Estado e contrato social

7.1. OBXECTIVOS

Analizar e comprende-la xénese e evolución moderna dos dereitos individuais e valora-la concepción do individuo como cidadán suxeito de dereitos e liberdades.

Coñecer, analizar e valora-las principais teorías contractualistas clásicas.

Coñecer, analizar e valora-las principais teorías neocontractualistas e identifica-la ideoloxía política subxacente as mesmas.

7.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A crise da lexitimidade tradicional:

Orixe e evolución dos dereitos individuais: do rol de súbdito o de cidadán.

As teorías do contrato social.

As teorías contractualistas clásicas: T. Hobbes, J. Locke e J. J. Rousseau.

As teorías neocontractualistas actuais: J. M. Buchanam, R. Nozick e J. Rawls.

O contrato social como realidade sociolóxica.

b. Procedimentais:

Análise do tipo de lexitimidade de diferentes institucións políticas (Parlamento, Monarquía, Goberno, etc.), indicando a concepción de ser humano e dos seus dereitos individuais que subxace.

Análise e comentario de textos das principais teorías contractualistas clásicas, identificando os elementos esenciais das mesmas (concepción da natureza humana, tipo de contrato, etc.) e sinalando o modelo de contrato que parece responder mellor as democracias actuais.

Análise e comentario de textos das principais teorías neocontractualistas, identificando a ideoloxía subxacente a cada unha

delas (neoliberal, socioliberal, socialdemócrata ...), e sinalando a súa relación coas teorías clásicas.

Análise de fenómenos e relacións sociais nos que predomine a racionalidade estratéxica ou a racionalidade comunicativo, indicando as previsibles consecuencias prácticas do predominio dunha ou doutra.

c. Actitudinais:

Valoración da concepción do individuo como cidadán suxeito de dereitos e liberdades.

Valoración das teorías contractualistas en canto recoñecemento da autonomía dos individuos, considerados libres e iguais.

TEMA 8: Contrato social e Constitución: tipoloxías constitucionais e réximes políticos

8.1. OBXECTIVOS

Comprender e valora-lo concepto moderno de Constitución como instancia de limitación e distribución do poder político así como de garantía de dereitos e liberdades fundamentais.

Coñecer e valora-la Constitución española de 1978 no dobre aspecto de recoñecemento e garantía dos dereitos fundamentais como no de organización e distribución institucional do poder político para a súa limitación e control, establecendo comparacións con outras Constitucións.

Coñecer e comprende-los mecanismos de defensa e garantía constitucional previstos na Constitución española de 1978, establecendo comparación con outros sistemas constitucionais.

Coñecer e valorar comparativamente os principais réximes políticos existentes.

8.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

O constitucionalismo moderno: principios esenciais e estrutura dunha Constitución:

A limitación e control do poder: separación de poderes e Estado de Dereito.

O recoñecemento e garantía dos dereitos fundamentais.

O poder constituínte e os mecanismos de defensa das Constitucións.

Tipoloxías constitucionais e réximes políticos: autocracias e democracias.

b. Procedimentais:

Lectura e análise da Constitución española de 1978, identificando e clasificando os dereitos e liberdades que reconece, así como os principais órganos de poder do Estado e os mecanismos para o seu control e limitación.

Identificación e definición dos principais mecanismos de garantía e defensa constitucional previstos na Constitución española de 1978.

Recollida e análise de información diversa (dos medios de comunicación, reportaxes, documentais, etc.) sobre fenómenos e procesos políticos doutros países que permitan identifica-lo seu réxime político, e establece-las oportunas comparacións co réxime político español.

c. Actitudinais:

Valoración da Constitución como instrumento de limitación e control do poder político fronte a posibles arbitrariedades do mesmo.

Valoración da Constitución como recoñecemento explícito dos dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns.

TEMA 9: 0 réxime democrático

9.1. OBXECTIVOS

Coñecer e valora-las distintas tradicións que foron configurando a idea actual de democracia.

Coñece-los diferentes modelos de democracia e descubrir os seus presupostos teórico-prácticos.

Analizar e valora-las posibles deficiencias da democracia real da nosa sociedade actual en comparación co ideal democrático, avaliando criticamente diferentes propostas de profundización da mesma.

9.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A idea de democracia e a súa conformación a través de diferentes tradicións: a democracia grega, as tradicións republicanas, a idea de representación política, liberalismo político, e a idea socialista.

Modelos de democracia: democracia como protección, como desenvolvemento, elitista, e deliberativa.

Presupostos teóricos dos diversos modelos.

b. Procedimentais:

Preparación e realización dun debate sobre “democracia directa e democracia representativa” nas sociedades pluralistas actuais.

Análise da democracia española actual, identificando a orixe de moitos dos seus ingredientes en relación cos distintos modelos de democracia.

Análise do tipo de participación política da sociedade española actual, analizando informes sociolóxicos e estatísticos, e identificando hipotéticas causas explicativas.

c. Actitudinais:

Valoración da democracia como a forma máis racional e xusta de organización do poder.

Actitude crítica ante as deficiencias prácticas na realización do ideal democrático.

Compromiso co ideal democrático e a profundización real da mesma.

TEMA 10: A participación política nas democracias

10.1. OBXECTIVOS

Coñecer e avalia-las diferentes modalidades de participación política institucionalizada e non institucionalizada nas democracias actuais.

Coñecer e avalia-la función dos partidos políticos e dos grupos de intereses nas democracias actuais.

Analizar criticamente a burocratización da vida política institucionalizada e identificar novas formas de participación política valorando o seu potencial renovador.

Coñecer e valora-las vantaxes e inconvenientes de diferentes sistemas electorais e de representación, centrando a análise especialmente no sistema español.

Comprende-lo alcance e importancia dos procesos de formación da opinión pública nos sistemas democráticos e analizar criticamente os mecanismos que contribúen a súa conformación.

10.2. CONTIDOS

a. Conceptuais:

A participación política institucionalizada: os partidos políticos e os grupos de intereses. Eleccións e sistemas electorais.

A participación política non institucionalizada: os movementos sociais e as ONGS.

b. Procedimentais:

Identificación dos principais partidos políticos existentes en España e clasificación dos mesmos en función das súas características (ideoloxía, militancia, ámbito xeográfico-territorial, etc.), analizando as súas propostas políticas.

Identificación dos principais grupos de intereses existentes en España (sindicatos, patronais, etc.) analizando a súa función e papel no deseño da política socioeconómica.

Análise dun proceso electoral recente, describindo as distintas fases do proceso, e facendo análise dos resultados en función de diferentes sistemas electorais (cambiando hipoteticamente os elementos do sistema electoral).

Selección e análise de indicadores da burocratización da vida política contemporánea.

Identificación dos principais movementos sociais actuais e análise da súa influencia na política institucionalizada.

Análise do papel desempeñado polos medios de comunicación de masas na conformación da opinión pública, avaliando a súa influencia na política institucional.

c. Actitudinais:

Aceptación e tolerancia da pluralidade ideolóxica e política da sociedade actual.

Valoración dos partidos políticos como elementos básicos do xogo democrático.

Actitude crítica ante a excesiva burocratización da vida política institucionalizada.

Actitude favorable á participación política democrática.

Apertura a novas formas de participación política non institucionalizadas.

Autonomía racional e actitude crítica fronte os mecanismos de conformación da opinión pública.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Manexar e analizar información procedente da Socioloxía referida aos procesos de interacción social; socialización-desviación, grupos sociais e estratificación social. Con este criterio preténdese comprobar a capacidade dos alumnos e das alumnas para comprender e para caracterizar, con precisión conceptual e terminolóxica, os procesos sociais básicos, tanto no plano teórico como no da análise práctica da realidade circundante.

2. Analizar información referida ás diferentes estruturas de poder, así como á organización política do mesmo tanto en sociedades pre-estatais como estatais, precisando as súas características diferenciáis e a interdependencia das mesmas respecto a factores económicos e territoriais. Preténdese, así, avalia-la capacidade do alumnado para analizar e para comprende-las diferentes formas de estruturación do poder e para establecer relacións con factores conformadores do mesmo.
3. Utilizar e analizar información histórica diversa referida a procesos de organización e de transformación política: a xénese e a evolución do Estado moderno e as súas diferentes configuracións históricas, así como o desenvolvemento dos sistemas políticos da España contemporánea. Trataríase, deste xeito, de verifica-la capacidade do alumnado para comprende-las características definitorias do Estado moderno e os factores que interveñen na súa xénese e conformación, así como para entender e para valora-lo sistema político español actual dende unha perspectiva histórica.
4. Analizar e comparar diversas informacións e textos constitucionais referidos á distribución do poder dentro do Estado e caracterizar, a partir deles, os diferentes tipos de réximes políticos, con especial referencia o réxime español actual. Trátase de avaliar, a través deste criterio, a capacidade do alumnado para comprende-la noción de constitucionalidade, así como para distinguir, identificar e caracterizar con precisión os diversos réximes políticos, e encadrar e valora-lo réxime español actual.
5. Comentar textos de filosofía política referidos ás diversas teorizacións e fundamentacións contractualistas do Estado moderno. Este criterio está orientado a comprobar a capacidade dos alumnos e alumnas para comprende-los fundamentos teóricos do Estado moderno e establecer relacións con outros coñecementos filosóficos acadados noutras disciplinas.
6. Seleccionar, integrar e interpretar datos e información diversos, referidos a diferentes aspectos do comportamento político: modalidades de participación, sistemas de elección e de representación, sistemas de partidos, formación da opinión pública e grupos de interese. Trataríase, deste xeito, de comproba-la capacidade do alumnado para comprender e avalia-los diferentes sistemas de participación política, así como para interpretar datos indicativos de participación política da sociedade española actual e establecer hipóteses explicativas e propostas consecuentes.
7. Participar en debates sobre temas políticos próximos e de actualidade. A través deles, poderíase avalia-la capacidade do alumnado para participar, con talante democrático e tolerante, na confrontación de opinións e na elaboración de propostas creativas e abertas.

8. Comprensión e exposición das ideas centrais das lecturas estipuladas.

CONTIDOS MÍNIMOS

Considéranse contidos mínimos os relacionados cos puntos 1, 5, 6 7 e 8 do apartado anterior *Criterios de avaliación*.